



M^a DOMINGA BRION SANMIGUEL, Concelleira-voceira do Grupo Municipal do **BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)**, neste Concello, presenta a seguinte solicitude ante o Pleno da Corporación Municipal, en relación coa EDAR de Ribeira.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

É unha vella demanda do BNG, e para nós algo prioritario, que Ribeira conte co necesario saneamento integral das súas augas residuais. Agora ben, tamén entendemos que non se pode facer de calquera xeito.

Tivemos coñecemento pola prensa que o alcalde e a responsábel de Augas de Galicia acordaron un emprazamento para a EDAR de Ribeira no Polígono de Couso, en Aguíño. Descoñecemos os termos do acordo acadado, pois o alcalde non tivo a delicadeza de informar persoalmente aos representantes dos grupos municipais democraticamente elixidos dun tema de tanta importancia para o Concello, por certo, algo cada vez máis frecuente. En todo caso, agardamos que este acordo faga valer o acadado por unanimidade no Pleno do 30 de xullo do 2007, recollendo as demandas da cidadanía, que foi o seguinte:

1. Que o proxecto da EDAR de Ribeira se someta aos trámites de Avaliación de Impacto Ambiental e de Avaliación Estratéxica da Sostibilidade.
2. Que se solicite da Xunta de Galicia unha depuradora específica para o Polígono Industrial de Xarás.
3. Que, en todo caso, o emisario se prolongue até augas profundas, fóra da enseada, en augas con correntes oceánicas, onde se asegure o mínimo impacto e unha rápida dilución e difusión no medio receptor.
4. Que o incremento na intensidade de uso do espazo destinado á planta depuradora vaia acompañado das preceptivas medidas compensatorias.

Se tanto a veciñanza como todos os Grupos Municipais foron capaces de chegar a este acordo de mínimos, non se entendería agora posturas contrarias por parte do goberno local e autonómico. Non podemos esquecer que a zona onde pretende ubicarse a EDAR é a carón do Parque Nacional da Illas Atlánticas, do Parque Natural, da Rede Natura, dunha área costeira de grande riqueza pesqueira e marisqueira e a carón da boca da Ría da Arousa, unha das máis produtivas do mundo. Estamos falando dun espazo dos máis singulares de Europa e que conta cun alto grao de protección, polo tanto, todas as medidas que se adopten para non poñer en perigo toda esta riqueza son poucas.

Por estas razóns o Grupo Municipal do BNG

S O L I C I T A:

1. **Que a necesaria e urxente depuración das augas residuais se faga con todas as garantías e que se respecte o acordo de mínimos unanimemente acadado por todos os Grupos Municipais no Pleno do 30 de xullo de 2007, que recolle as demandas veciñais.**
2. **Que se informe a este Grupo Municipal dos pormenores do acordo acadado entre o Goberno Local e o Autonómico.**

Ribeira, 28 de maio de 2009

Asdo: M^a Dominga Brión Sanmiguel

SR. ALCALDE PRESIDENTE DO CONCELLO DE RIBEIRA